

## RECOMENDACIONES PARA DAR CUMPRIMENTO A LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS E Á PROTECCIÓN DA IMAXE DOS MENORES/AS

Tras a preocupación e a denuncia dalgúns clubs sobre as gravacions e posteriores emisións nas redes sociais de imaxes de menores de idade, a FGB quere deixar constancia a nivel de RECOMENDACIÓN, o seguinte:

Debemos partir de que o dereito á protección de datos consiste na nosa capacidade de controlar o uso que pode facer dos nosos datos calquera organización. Neste caso, ímolo articular en relación ao ámbito da Federación Galega de Baloncesto.


Na sociedade da información en que nos movemos, os datos persoais dos menores e a súa imaxe poden ser obxecto de utilización con fins comerciais, no ámbito do ocio e sobre todo en Internet. Neste último ámbito, débense extremar as precaucións e non é aconsellable publicar fotos que identifiquen un neno situándoo nunha actividade determinada, neste caso Baloncesto.

Por iso, co fin de evitar prexuízos innecesarios, suixerímos dende a Federación que se atendas as seguintes recomendacións, principalmente o CONSENTIMENTO.

Tomando o consentimento como punto de partida, a utilización válida da imaxe ou datos dos menores levará consigo, recollendo o que indica a lexislación vixente ao respecto, atender aos seguintes parámetros:

- a) Será válido o consentimento do menor con madureza abondo.
- b) En caso de que o menor non sexa o suficientemente maduro, referímonos á idade de 14 anos. Isto é, se o neno é menor de 14 anos, necesitarase o consentimento da súa nai, pai ou tutor legal. Se o neno é maior de 14 anos, poderá consentir por si mesmo.
- c) Cando algúén recolle datos de menores non pode solicitar datos do seu ámbito familiar salvo para dirixirse aos pais e nais e solicitar a súa autorización cando sexa necesario.
- d) Quen trata datos ou imaxes dos menores debe informalles, de modo que eles sexan capaces de entendelo.
- e) É necesario asegurarse de que se lles informa sobre a identidade de quen trata os datos, da finalidade e usos para os que solicita, de se vai comunicalos ou cedelos a terceiros e de se resulta obligatorio ou non facilitalos. Debe facilitarse así mesmo unha dirección para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición.

Santiago, 5 Xullo 2017.



Asdo. Susana Fernández Fiúza  
Secretaria Xeral